

Resolución reitoral, de 14 de setembro de 2021, sobre autorización para o uso do escudo da Universidade de Vigo.

Á vista do disposto no parágrafo terceiro do artigo catro dos Estatutos da Universidade de Vigo, onde se indica que “o escudo oficial da Universidade de Vigo presenta a seguinte descrición de brasonamento: «De prata, e sobre ondas de azur e prata, unha árbore de sinople, con tres ramas. Ao timbre coroa real pechada»”

Á vista de que, segundo o artigo 32.3º e) dos Estatutos, corresponde ao secretario ou secretaria xeral “organizar os actos solemnes da Universidade en que debe velar polo cumprimento do protocolo”,

Á vista de que no protocolo de identidade corporativa da Universidade de Vigo se establece que "o uso do escudo queda restrinxido unicamente a certos documentos como certificacións académicas, normas e documentos oficiais, así como para os soportes empregados nos actos protocolarios nos que participe o Reitor ou a Secretaría Xeral",

Á vista de que se está a empregar o escudo da Universidade de xeito diferente ao sinalado no parágrafo anterior e que se están a recibir peticións para o uso do escudo da Universidade en diversos contextos,

En virtude das competencias conferidas pola LO 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (modificada pola Lei 4/2007 do 12 de abril) e os Estatutos desta Universidade,

Esta Reitoría

R E S O L V E:

Único: que o uso do Escudo da Universidade en forma diferente a indicada no protocolo de identidade corporativa poida ser autorizado excepcionalmente pola Secretaría Xeral, previa solicitude dirixida á mesma ben pola persoa ou institución interesada, ben polo servizo que a reciba, onde se xustifique a conveniencia de acceder a tal petición.

O Reitor